



DATOS IDENTIFICATIVOS

Idioma 2, III: Inglés

Materia	Idioma 2, III: Inglés			
Código	V01G230V01305			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Pérez Paz, María Flor			
Profesorado	Pérez Paz, María Flor			
Correo-e	mflor@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	A materia pretende a consecución e consolidación das destrezas comunicativas e lingüísticas en grao de usuario competente avanzado. O obxectivo é o de achegarse as competencias orais e escritas, pasivas e tamén activas propias do nivel C1 (Marco Europeo de Referencia). O curso terá unha orientación práctica.			

Competencias

Código	
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C10	Capacidade de traballo en equipo
C11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
C12	Posuír unha ampla cultura
C17	Capacidade de tomar decisións
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
C27	Capacidade de razoamento crítico
C30	Coñecemento de idiomas
C32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
D12	Traballo en equipo
D15	Aprendizaxe autónoma
D23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Desenvolver a nocións gramaticais e léxicas básicas da lingua inglesa e entender as estruturas mais complexas.	A4	C1 C2 C4 C18 C27 C30	D2 D15 D23

Fomentar no alumnado o desenvolvemento da lingua e a aplicación práctica do seus coñecementos gramaticais, léxicos e culturais.	A4	C1 C2 C4 C10 C11 C12 C17 C18 C24 C25 C27 C30 C32	D2 D12 D15 D23
Estimular a autonomía do alumnado e a súa capacidade crítica para o desenrolo da comprensión dunha ampla variedade de textos orais e escritos en inglés.	A4	C1 C4 C12 C17 C18 C24 C25 C27 C30 C32	D2 D12 D15 D23
Sentar as bases e desenvolver a comprensión de aspectos fundamentais socio-culturais do ámbito lingüístico cultural correspondente	A4	C1 C2 C12 C24 C25 C27 C30	D2 D12 D15
Ser capaz de desenvolver razoamentos críticos	A4	C24 C27	D12 D15

Contidos

Tema

1. What are you like?	Review of tenses. Character adjectives. Reading: Finding the real you. Listening: People talking about hobbies. Speaking: Personal questions and answers, personal views.
2. Customs and traditions	Gerunds and infinities, relative clauses. Word formation: Easily confused words. Reading: Festival in the desert. Listening: Interview with a tour operator. Speaking: Speculating. Writing: A proposal.
3. Looking ahead	Future forms. Phrasal verbs with up and down, expressions connected with age. Reading: Texts about the future. Listening: People talking about plans for the future of ancient monuments. Speaking: Talking about the future.
4. Into the wild	Past tenses. Expressions with animals. Reading: Saviours of the seas. Listening: Talking about wildlife photography. Speaking: Describing photos, talking about a topic based on a photograph. Writing: A contribution.
5. Health matters	Direct and indirect speech. Vocabulary about health and fitness, word formation 2. Reading: An unhealthy obsession. Listening: Extracts about health. Speaking: Summarizing a text. Writing: A formal letter.
6. Would you believe it?	Modal verbs. Verbs of moving and looking, expressions with right and left. Reading: Superheroes. Listening: A radio programme about a pop group. Speaking: Making decisions and giving reasons. Writing: A summary.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Outros	3	12	15
Resolución de problemas de forma autónoma	5	13	18
Titoría en grupo	8	0	8
Traballos de aula	10	30	40
Debate	9	20	29
Exame de preguntas obxectivas	4	5	9
Probos de resposta curta	4	5	9
Outras	4	5	9
Exame de preguntas de desenvolvemento	0	12	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a presentar a materia e tomar contacto co alumnado, reunindo información sobre os seus coñecementos previos.
Outros	Análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos, así como coas destrezas comunicativas
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades nas que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Titoría en grupo	Revisión conxunta, por parte de alumnado e profesorado, do desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Traballos de aula	Práctica das catro destrezas comunicativas: comprensión oral (Listening), expresión oral (Speaking), comprensión escrita (Reading), e expresión escrita (Writing) así como das destrezas lingüísticas (Use of English).
Debate	Prácticas da destreza comunicativa de "Speaking" cara a aplicación dos contidos lingüísticos de "Use of English". Formulación, análise e resolución dun tema plantexado como debate.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	Por titoría en grupo enténdese a atención na aula e en horario de titorías. Entre os obxetivos están a orientación xeral sobre a materia, o fomento de estratexias de aprendizaxe, facer indicacións sobre os traballos e exercicios, analizar os resultados obtidos en probas xa realizadas ou o asesoramento para a superación do curso.
Outros	A atención personalizada sobre a realización dos diversos exercicios relacionados con as destrezas comunicativas e a destreza lingüística para aplicar os conceptos teóricos da lingua na práctica.
Actividades introdutorias	Os obxetivos das actividades introdutorias céntranse na orientación xeral sobre a materia, o fomento de estratexias de aprendizaxe, facer indicacións sobre os traballos e exercicios, as datas da realización dos exames e asesoramento para a superación da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Debate	Unha proba de formulación, análise e resolución dun tema plantexado como debate, quer de forma individual quer colectiva, para reforzar as destrezas comunicativas de expresión oral (Speaking).	24	A4 C1 D15 C2 D23 C4 C10 C17 C18 C25 C27 C32
	Unha proba sobre os dous artigos xornalísticos e unha sobre os temas do libro do alumno das unidades 1 ao 6 referentes aos exercicios de expresión oral (Speaking). As dúas probas teñen o mesmo peso específico da nota que será o 24% da nota final.		

Exame de preguntas obxectivas	Unha proba práctica da destreza de comprensión oral (Listening) que será avaliada mediante multiple choice, sentence completion and multiple matching, etc.	16	A4	C1 C2 C4 C10 C11 C17 C18 C25 C27 C30 C32	D12
Probas de resposta curta	Unha proba sobre a materia asignada, conceptos teóricos e a súa aplicación. Resolución de exercicios prácticos de resposta curta (fill in the gaps, transformation cloze, multiple choice, etc.) relacionados coas destrezas lingüísticas (Use of English).	24	A4	C1 C2 C4 C12 C18 C24 C25	D12
Outras	Unha proba práctica de comprensión escrita (Reading) dun texto que será avaliada mediante proba escrita (multiple choice, gapped text, multiple matching, cross-text multiple matching, etc.).	16		C1 C2 C4 C10 C17 C18 C25 C27 C32	D23
Exame de preguntas de desenvolvemento	Elaboración de dous traballos escritos tutelados fóra do aula e realizados de forma autónoma polo alumnado (writing). Os traballos deberán: 1. Transmitir a información expresada de forma clara e organizada de forma lóxica. 2. Narrar conceptos mediante a exposición, argumentación e avaliación para expresar puntos de vista sobre un tema, e apoiando os conceptos con evidencias. 3. Describir experiencias persoais, expresar sentimentos e reaccións. 4. Redactar nunha forma literaria específica (cartas formais e informais, artigos, etc.)	20		C1 C4 C18 C24 C27	D15 D23

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.1. A cualificación final da materia calcularase tendo en conta todas as destrezas traballadas ao longo do cuadrimestre según as porcentaxes que se indican:

DESTREZAS COMUNICATIVAS: Listening: 16%; Speaking: 24%; Reading: 16%; Writing: 20%.

DESTREZA LINGÜÍSTICA: (Use of English: 24% da nota final.

1.2. As obras de lectura obrigatoria (dous artigos xornalísticos) serán avaliadas mediante probas orais nas dúas edicións de actas (xaneiro e xullo), independentemente do sistema de avaliación (continua ou única) polo que se opte.

1.3. Para superar a materia será imprescindible acadar unha cualificación mínima de 5 puntos como nota global, sendo 5 puntos a puntuación mínima requirida en cada unha das destrezas. O alumnado que na primeira edición de actas obteña una cualificación de suspenso nalguna(s) das destrezas deberán repetir a(s) parte(s) correspondentes a tal(es) destrezas no exame de xullo do 2019 para poder aprobar a totalidade da materia.

1.4. Non se contempla o exame único da primeira edición das actas (xaneiro 2019), data oficial establecida por o centro, como exame de recuperación para aprobar a(s) parte(s) da(s) destreza(s) suspensa(s) na avaliación continua. De non superalas en xullo 2019, o/a alumno/a deberá examinarse da totalidade da materia en cursos académicos posteriores. Polo tanto, as partes superadas carecerán de validez para datas e cursos posteriores ao 2018-2019.

1.5. O plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou actividade suporá un suspenso automático na materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

1.6. Non se permite a utilización de dicionarios, apuntamentos e dispositivos electrónicos (teléfonos móbiles, tablets, ordenadores, etc.) durante a realización dos exames.

2. PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS (xaneiro 2019)

Existen dous sistemas de avaliación (continua e única) para superar a materia nesta primeira oportunidade e participar nun deles, implica a imposibilidade de participar no outro.

2.1. Avaliación continua:

O alumnado entregará unha ficha cos seus datos de contacto e fotografía durante as tres primeiras semanas do cuadrimestre. De igual maneira, será imprescindible a súa participación nas diferentes probas que se vaian realizando ao longo do cuadrimestre, así como a entrega das actividades que corresponda nas datas sinaladas. As probas nas que non se participe ou as actividades non entregadas no prazo estipulado computarán como 0 (cero).

A avaliación, tanto continua coma única, terá en conta non só pertinencia e calidade do contido das respostas, senón tamén a súa corrección lingüística.

O alumnado para poder optar á avaliación continua deberá entregar os dous exercicios de expresión escrita (Writing). A entrega deberá realizarse en man á profesora nas datas sinaladas máis abaixo nesta apartado. Non se aceptarán traballos enviados por internet ou depositados nos casilleros da profesora. En caso de imposibilidade de entrega persoal por motivos xustificadas, poderase enviar o traballo por internet.

A cualificación final daquelas/es alumnas/os que se acollan ao sistema de avaliación continua computarase tendo en conta as seguintes datas e probas a realizar (todas en horario de clase):

Semana 6: proba de "Speaking" dos dous artigos xornalísticos.

Semana 7: proba de "Writing". Entrega da primeira redacción.

Semana 11: proba de "Listening" e "Reading" (comprensión dun texto).

Semana 11: proba de "Speaking" dos exercicios da destreza comunicativa oral do libro do alumno (unidades 1 ao 6).

Semana 12: proba de "Writing" (entrega da segunda redacción) e "Use of English".

Semana 12: "Speaking" dos exercicios das destrezas comunicativas orais do libro do alumno (unidades 1 ao 6).

Para as probas de "Speaking" das semanas 6, 11 e 12, asignarase a cada alumno/a a data específica por preferencia ou sorteo co fin de facilitar a asistencia ao exame do alumnado que por motivos xustificadas impídelles asistir nun dos días da semana sinalados.

2.2. Avaliación única:

A avaliación final do primer cuadrimestre se desenvolverá na data oficial aprobada pola Xunta de centro e deberá ser consultada polo alumnado na páxina web da Facultade.

A cualificación final do alumnado que se acolla a este sistema de avaliación única computarase en base ás cualificacións obtidas na proba final. A proba constará das partes necesarias para avaliar todas as destrezas:

Listening: 16%; Speaking: 24%; Reading: 16%; Writing: 20%.

Por outra banda, a resolución de exercicios prácticos (Use of English) computarán un 24% da nota obtida.

3. SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (xullo 2019)

3.1. O exame que o centro fixe oficialmente para o mes de xullo constará das partes necesarias para avaliar todas as destrezas (Reading, Listening, Writing, Speaking e Use of English). O peso de cada unha das destrezas na cualificación final será o mesmo que na primeira edición de actas e, de igual maneira, para superar a materia será imprescindible acadar unha cualificación mínima de 5 puntos como nota global, sendo 5 puntos a puntuación mínima requirida en cada una de las destrezas comunicativas ("Reading, Listening, Writing, Speaking") y en la destreza lingüística ("Use of English"). A suma das catro destrezas comunicativas (76%) e da destreza lingüística "Use of English" (24%) sumarán o 100% da nota final obtida.

3.2. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas na que as probas de avaliación teñen lugar. Os mesmos criterios, aquí descritos tamén se aplicarán ao alumnado alleo. Para poder seguir a docencia, recoméndase que o alumnado alleo posúa un nivel B2+ (Marco Europeo de Referencia) de inglés.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Gude, K. & Stephens, M., **CAE Advanced Result Student's book**, Oxford University Press, 2015

Gude, K. & Stephens, M., **CAE Advanced Result Workbook Resource Pack with key**, Oxford University Press, 2015

Neustatter, Angela, **Now loving couples can rely on help to cross a troubled cultural divide**,

Randolph, Paul, **Why being wrong really hurts**,

Bibliografía Complementaria

Hewings, Martin, **English Pronunciation in Use (Advanced)**, 1, Cambridge University Press, 2007

Hewings, Martin, **Advanced Grammar in Use**, 3, Cambridge University Press, 2013

Cambridge Dictionary Online,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Idioma 2, IV: Inglés/V01G230V01405

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 2, II: Inglés/V01G230V01205

Outros comentarios

Recoméndase o estudo diario da materia, a lectura das explicacións gramaticais dadas na clase, o desenvolvemento dos exercicios prácticos e a autocorrección. Para poder seguir as clases recoméndase posuír un nivel B2+ de inglés (Marco Europeo de Referencia das Linguas) .

Ademais da asistencia regular ás sesións presenciais, resulta imprescindible para seguir e superar a materia o uso dos recursos bibliográficos. Sendo así, é altamente recomendable que o material manexado polo alumnado inclúa a lectura de xornais, libros e revistas en lingua inglesa, o visionado de videos, series e similares en lingua inglesa.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Faitic e de estar ao tanto das datas nas que as probas terán lugar.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumno/a da súa responsabilidade neste aspecto.

Durante a realización dos exames non se permite a utilización de dicionarios, apuntamentos, ordenador, conexión a internet ou calquera outro medio electrónico.